

ALEGACIÓN á Resolución de 26 de julio de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións da LAT 66 kV PE Dos Cotos – SE Pontesampaio, emprazada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas e Pontevedra da provincia de Pontevedra (IN408A 2020/122)

D/Dna. _____ con DNI. Número
 _____, con domicilio en
 _____, C.P. _____, municipio de
 _____, provincia _____, teléfono _____, en nome propio e autorizada polos
 abaixo asinantes, presenta a seguinte alegación ao Concello de Ponte Caldelas para a súa remisión ao Servizo de
 Enerxía e Minas da Xefatura territorial de Pontevedra.

Á vista da publicación no DOG núm. 161 de data 25.08.23 da **Resolución de 26 de julio de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións da LAT 66 kV PE Dos Cotos – SE Pontesampaio, emprazada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas e Pontevedra da provincia de Pontevedra (IN408A 2020/122)**, preséntase este escrito coas seguintes **ALEGACIÓNS**:

1.- División artificialosa de proxectos aos efectos da avaliación ambiental: proxecto do parque eólico dos Cotos e proxecto LAT 66 kV PE Dos Cotos – SE Pontesampaio. Ausencia de avaliación ambiental acumulada e sinérxica da totalidade do conxunto das infraestruturas doutros parques eólicos e liñas de alta tensión de evacuación existentes e propostas na área afectada. Necesidade de someter o proxecto industrial no seu conxunto á avaliación ambiental ordinaria.

Por Resolución de 15 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra tan só se sometía a exposición pública o proxecto do parque eólico dos Cotos, pero non a súa infraestrutura de evacuación, que se tramita como un proxecto independente incluso aos efectos da avaliación ambiental. Agora sométese a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e a declaración de utilidade pública da liña de alta tensión dende o parque eólico dos Cotos ata a subestación Pontesampaio e que afecta directamente ao Concello de Ponte Caldelas, atravesando os núcleos de **Mirón, Contixe, Vilarchán, A Reigosa, Buchabade, Aluncía, Baltar e Sobreiro. As instalacións de evacuación da Liña de alta tensión dende o parque eólico dos Cotos ata a subestación Pontesampaio son intrínsecas ao parque eólico dos Cotos, por tanto, debería analizarse en todo o procedemento de avaliación ambiental conxuntamente** (artigo 35.1.c da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental sobre o estudo de impacto ambiental), infraestrutura que resulta imprescindible para a viabilidade e desenvolvemento do parque eólico, debido ao cal débense analizar pormenorizadamente os efectos e impactos da totalidade das infraestruturas asociadas ao parque.

Pero non se somete a avaliación ambiental conxunta o parque e a totalidade das súas infraestruturas de evacuación, sendo ademais esta sometida a unha tramitación ambiental simplificada polo tanto, a veciñanza afectada pola liña de evacuación de Ponte Caldelas e os demais municipios afectados non ten a opción de avaliar o impacto da totalidade das instalacións do parque eólico dos Cotos (aeroxeradores, Set, gabias de cableado...etc). **A infraestrutura de evacuación forma parte do proxecto do parque eólico dos Cotos. Polo tanto, tanto as dimensións como o conxunto do proxecto xustifican a avaliación ambiental ordinaria.** Cómpre ter en conta que a liña de evacuación discorre entre os aeroxeradores do parque eólico Coto Aguado e a 275 metros do aeroxerador máis próximo. No mesmo ámbito xeográfico existen outros proxectos eólicos instalados e/ou aprobados. De feito os **núcleos como Baltar**, na parroquia de Xustáns, a **parroquia de Tourón**, a parroquia de Ponte Sampaio e a parroquia de San Martiño de Borela xa **resultan afectados por outras infraestruturas**. Cómpre ter en conta a acumulación do impacto cos impactos doutros proxectos existentes e/ou aprobados.

O DECRETO 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia indica literalmente: *(R) As liñas de evacuación cara á rede de transporte planifícanse de forma conxunta co parque eólico, procurando buscar os mellores trazados, de acordo cos criterios sobre liñas eléctricas.* Segundo o Convenio europeo da Paisaxe, **a cidadanía debera ser consultada en relación ao plan industrial eólico ou conxunto de proxectos que comparten unha solución de evacuación conxunta**, xa que logo, segundo o citado Convenio os obxectivos de calidade paisaxística dos proxectos determínanos a Administración, pero en base ás aspiracións da cidadanía. Réstase e incluso se impide a participación da cidadanía no proceso de tramitación da totalidade das infraestruturas do parque eólico como ben indica o Consello da Cultura Galega no seu informe emitido en decembro de 2021. **Vulnéranse por tanto dereitos das persoas, non só xa os dereitos á información e o dereito de participación, senón dereitos**

máis fundamentais como é o dereito á saúde, o dereito ao benestar físico e psíquico da cidadanía e das familias dos núcleos rurais afectados e o dereito a decidir, relacionados cos anteriores.

Polo tanto, e a pesar de ser parte das infraestruturas de evacuación deste proxecto, **substráese da información pública co que se está a privar á cidadanía afectada e ao público da súa consulta e avaliación dos impactos ambientais** vulnerándose a Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental e a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Esta infraestrutura resulta imprescindible para a viabilidade e desenvolvemento do parque eólico indicado, debido ao cal débense analizar pormenorizadamente os efectos e impactos da totalidade das infraestruturas asociadas ao parque. O **artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico**, establece que formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica.

A inclusión dos efectos e impactos das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras. Os proxectos dos parques eólicos e as liñas de evacuación deben ser contemplados como un conxunto integrado nun mesmo proxecto. Non é de recibo sortear a través dunha máis que utilizada **fragmentación**, uns efectos sinérxicos e acumulativos ausentes nos estudos de impacto ambiental e nas declaracións de impacto ambiental.

Por outra banda, **tampouco se avalían os impactos acumulados e sinérxicos da totalidade dos parques eólicos e das infraestruturas de evacuación e conexión asociadas existentes no mesmo ámbito xeográfico de implantación** do parque eólico dos Cotos e da súa liña de evacuación. Dende o **PE dos Cotos, nunha distancia inferior a 5 km existen proxectados outros 3 parques eólicos: PE Monte do Pe (4 aeroxeneradores), PE Coto Aguado (6 aeroxeneradores) e PE Coto do Carballal (4 aeroxeneradores)**, sendo contiguos e incluso solapándose, segundo consta no Anexo VI Estudio dos efectos sinérxicos do Proxecto PE dos Cotos e que non teñen o percorrido das liñas de evacuación e cuxa potencia de todas eles sería superior a 50 MW, o que supón o seu sometemento a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria. **O Estudo da liña de evacuación non contempla cal é o impacto conxunto de todas as liñas proxectadas e que afectan ao territorio.**

Ademais, a liña de evacuación do PE dos Cotos, atravesa pola poligonal do PE Serra da Fracha, situado no Concello de Ponte Caldelas. Polo tanto, o estudo de avaliación ambiental non detalla o suficiente cal é o seu impacto e cómo inflúen outras instalacións proxectadas no mesmo.

Cómpre resaltar o carácter unitario dos parques eólicos previstos, no sentido de que todos os seus elementos e instalacións deben contemplarse desde unha perspectiva unitaria, desde os accesos e os propios aeroxeradores ata a liña de conexión dos parques no seu conxunto coa rede de distribución ou transporte de electricidade. Iso conleva, efectivamente, que non pode darse un tratamento separado a grupos de aeroxeradores de forma artificiosa e tratalos como parques autónomos, ou duplicar instalacións co mesmo fin, pois iso comportaría efectivamente unha fraude de lei que, á marxe do seu maior impacto ambiental, podería supoñer unha alteración da competencia ou unha evitación de maiores esixencias ambientais. Non se valora a localización dos parques previstos e a súa continuidade física e tampouco se pondera que todos os parques compartan elementos comúns relevantes, como é a liña de evacuación de electricidade e as infraestruturas de conexión asociadas. Ao anterior hai que engadir outro dato adicional, que é que **a consideración separada dos parques impiden ter en conta os efectos sinérxicos dos mesmos desde a perspectiva ambiental.**

O impacto xeral provocado pola acumulación de parques eólicos pode xerar graves afeccións tanto á poboación como aos animais da zona. Preocupa, especialmente, a situación da avifauna e os quirópteros, dado que esta concentración de parques podería supor un incremento significativo da mortalidade, do efecto baleiro (abandono da zona) e do efecto barreira. Neste último caso, cuxo resultado directo sería o da **perdida de conectividade ecolóxica**, vulnera de xeito flagrante a disposición incluída na Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. No artigo 87.1. desta lei, se manifesta o seguinte: *“Para mejorar la coherencia y la conectividad ecológica del territorio, la Administración autonómica fomentará en su planificación ambiental la conservación de corredores ecológicos y la gestión de aquellos elementos del paisaje y áreas territoriales que resulten esenciales o revistan primordial importancia para la migración, la distribución geográfica y el intercambio genético entre poblaciones de especies de fauna y flora silvestres, teniendo en cuenta los impactos futuros del cambio climático.”*

En definitiva, **os máis de 13 parques eólicos previstos na área xeográfica do parque eólico dos Cotos e a súas infraestruturas de evacuación non son compatibles coa conservación dos corredores ecolóxicos nin coa pretensión de mitigar as barreiras á fauna, e máis se temos en conta a presenza próxima da Rede Natura 2000 e a importancia dos cursos fluviais como garantes da conectividade ecolóxica.**

A unidade do proxecto resulta así dos datos fácticos xa acreditados arestora en base aos proxectos presentados polas promotoras e arestora en tramitación, como son a localización lindeira dos parques, dos elementos comúns como a liña de evacuación de electricidade etc... Por outra banda, a consideración separada dos parques impiden ter en conta os efectos desde o punto de vista do impacto ambiental, obviando unha análise do conxunto dos elementos implicados, sen que poida paliarse o defecto de concepción inicial cos estudos de sinerxias, limitado a determinados aspectos. **Todos os parques proxectados teñen efectos acumulados sobre os mesmos elementos da paisaxe e a biodiversidade da contorna, polo que o seu impacto sinérxico debe ser avaliado de forma conxunta** para non incorrer nuns procedementos viciados desde o principio e nulos de pleno dereito, tal e como apuntan diversas resolucións xudiciais respecto diso. Ademais a cidadanía ten dereito ao acceso á información do conxunto e a recibir información relativa ao conxunto global e acumulado de toda as infraestruturas do proxecto industrial.

Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunais de xustiza en España dende hai anos Así, por exemplo, A Sentenza do TSXG, Sala Terceira, nº 254/2020, de 9 de novembro, que apreciou a fragmentación artificial do parque eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 30 de marzo de 2017, nº 556/2017, ou a pioneira Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de abril de 2006, na que se pode ler o que segue:

*"Se algún sentido ten dita figura (os parques eólicos), coa significación xurídica que diversas normas lle recoñeceron, é precisamente a de integrar en si varios aerogeradores interconectados e dispoñelos de modo que non atenuen uns o rendemento eólico doutros, en zonas con determinados requisitos mínimos (velocidade e constancia do vento) co fin de optimizar o aproveitamento enerxético e diminuír os custos da súa conexión ás redes de distribución ou transporte de enerxía eléctrica. É consustancial, pois, aos parques eólicos o seu carácter unitario de modo que os aerogeradores neles agrupados necesariamente han de compartir, ademais das liñas propias de unión entre si, uns mesmos accesos, un mesmo sistema de control e unhas infraestruturas comúns (normalmente, o edificio necesario para a súa xestión e a subestación transformadora). E, sobre todo, dado que a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade -pois non se cumprirían os criterios de rendemento enerxético e dun mínimo impacto ambiental se cada aerogerador puidese conectarse independentemente, coa súa propia liña de evacuación da enerxía eléctrica producida, ata o punto de conexión coa rede eléctrica-, **non é posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con estas características para diseccionar del varios dos seus aerogeradores aos que se daría un tratamento autónomo**".*

En canto ao impacto negativo das operacións de **fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientais**, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009, contemplou no seu Fundamento de Dereito sexto o que segue: **"3ª. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectuouse de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se prescindiu, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co sistema de distribución xeral, liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos. A non integración da devandita liña devaluou a declaración de impacto realizada, o que non pode paliarse cun estudo de sinerxias, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden constituír, si, un plus respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxias, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen.**

4ª. As mesmas consideracións deben efectuarse respecto á duplicación en dúas dos procedementos de autorización, sendo copia mimética o un do outro, o que é expresivo de que nos atopamos, non ante dous proxectos, senón ante un só, xa que a admisión deste criterio permitiría, non duplicar senón triplicar, cuadruplicar... etc. o proxecto inicialmente concibido, fraccionando as avaliacións de impacto ambiental, que non pode ser duplicada, para cada un dos proxectos, senón que, por contra, a única garantía de analizar todas os aspectos que se han de incluír no mesmo, é desde unha visión conxunta, non fraccionada, sen que poida suplir esta carencia de orixe, recorrendo a unha análise posterior das sinerxias que se producen entre os elementos illadamente analizados".

A Sentenza do TSX de Castela-León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, de data 26/06/2014 e ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, en data 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017, reitera os mesmos fundamentos para acreditar una fragmentación artificial dos parques eólicos.

En na mesma liña é a recente sentenza do **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data de 2 de xuño de 2023.**

Unha cousa é que se pretenda facer valer que nos atopamos ante proxectos de implantación de parques independentes e plenamente funcionais de xeito aislado, e outra é que as vinculacións operativas entre eses parques proxectados sexan, de facto, intensas. Poderase alegar que se procura o menor impacto nas infraestruturas de evacuación, poderase referir tamén a súa modularidade ou adaptabilidade, mais certamente, no sentido apuntado por unha xurisprudencia cada vez máis consolidada, **a fragmentación artificiosa tén por finalidade menoscabar as garantías inherentes aos procedementos de avaliación, pola vía de imposibilitar a avaliación ambiental de conxunto dos proxectos.** E para superar esa merma de garantías, dende logo, non resulta suficiente que nas avaliacións ambientais fragmentadas se acometan estudos de sinerxias, sobre os cales a xurisprudencia tén declarado o seu carácter incompleto e fragmentario.

En calquera caso, o proxecto da Liña do PE dos Cotos, en particular, o estudo de impacto ambiental, non acomete tampouco unha avaliación acada de impactos acumulativos e sinérxicos. Aínda partindo da realidade de que se está a tramitar a implantación do conxunto de parques antes referidos na zona xeográfica de referencia, o estudo dos impactos acumulativos e sinérxicos incorporado como Anexo VI ao EIA non se pode considerar que xustifique ou motive adecuadamente as conclusións ás que chega, nin que na liña da xurisprudencia citada anteriormente, considere a totalidade dos aspectos que deben ser considerados.

Dada a proximidade física entre os diferentes proxectos de parques, e por conseguinte a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación, é precisa unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que establece que calquera plan,

programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos espazos da Rede Natura 2000, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en conta os obxectivos de conservación.

Pola súa banda, a Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovables), en documento de Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, “no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Pero hai que ter en conta tamén que existe unha mancha de infraestruturas eólicas no ámbito xeográfico de afección do proxecto, o que acrecenta progresivamente o feísmo paisaxístico, xa que están a instalarse estacións eólicas e formando verdadeiros polígonos industriais nos cumes dos montes e das montañas, afectando a áreas como é este caso de alto valor ambiental, hídrico e paisaxístico e patrimonial. Así cómpre ter en conta que ademais deste parque existen outros xa en funcionamento ou en tramitación como: **Parque eólico Monte do Pé** – 4 aeroxeradores; **Parque eólico Coto Aguado** – 6 aeroxeradores; **Parque eólico Coto do Carballal** – 4 aeroxeradores; **Parque eólico Anduriña** – 9 aeroxeradores; **Parque eólico Zudreiro** – 4 aeroxeradores; **Parque eólico Monte Peón** – 3 aeroxeradores; **Parque eólico Portovidos** – 3 aeroxeradores; **Parque eólico Campo das Rosas** – 4 aeroxeradores; **Parque eólico Edreira I** – 8 aeroxeradores; **Parque eólico Serra do Cando** – 44 aeroxeradores; **Parque eólico singular Monte do Ceo** – 3 aeroxeradores; **Parque eólico Acival** – 4 aeroxeradores; **Parque eólico Monte do Seixo** – Cando – 37 aeroxeradores. Un total de **133 aeroxeradores**.

A isto hai que engadir as **demais liñas de evacuación proxectadas ou xa existentes no territorio afectado**, cos seus puntos de apoio e os accesos aos mesmos que a promotora obvia mencionar á hora de avaliar os impactos sinérxicos e acumulados. Cómpre ter en conta que **hai núcleos como Baltar (municipio de Ponte Caldelas), que xa figura afectado por outras dúas liñas de evacuación**.

Estariamos a falar xa dunha **paisaxe cada vez máis industrial** co abandono progresivo e crecente dos tradicionais mosaicos agro –forestais. O impacto paisaxístico e a fragmentación dos hábitats é inasumible desde o punto de vista do benestar das familias afectadas e a perda da biodiversidade é incoherente coa crise climática actual.

Cómpre ter en conta a **afección ao humidal Complexo húmido San simón** e a afección paisaxística severa, xa que o proxecto afecta a espazos recoñecidos no POL como de relevancia ambiental e paisaxística. Unha parte da liña aérea afecta a unidades protexidas no POL. Tamén hai que ter en conta a **afección severa ao escribano palustre** e a aves como a **gatafornela**.

2.- Ausencia de planificación eólica actualizada e coherente co escenario actual de tramitación masiva de instalacións eólicas.

Nestes momentos tanto a Administración Xeral do Estado como a Xunta de Galicia están a tramitar no ámbito deste Comunidade Autónoma un volume de proxectos de implantación de novos parques que representan no seu conxunto unha capacidade eólica á marxe das previsións e do “carácter regulado” da Planificación Eólica de Galiza, recollida na Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Semellante volume de proxectos en trámite implica un uso abusivo e irresponsable das competencias de ambas dúas Administracións, toda vez que tal expansión eólica modifica substancialmente a planificación eólica vixente na Galiza, e no seu conxunto pouco ten que ver cunha planificación eólica ordenada e que sexa coherente co deseño eólico considerado na Lei galega 8/2009.

Dende a perspectiva da incidencia ambiental, cómpre lembrar que o **artigo 53 da LSE**, no seu apartado cuarto, dispón que, entre outras, para a autorización de instalacións de transporte, distribución, produción e liñas directas de enerxía eléctrica, o promotor das mesmas deberá acreditar suficientemente “**o axeitado cumprimento das condicións de protección do medio ambiente**”. No apartado 7 dese artigo, ademais, dispónse que “*a Administración Pública competente unicamente poderá denegar a autorización cando non se cumpran os requisitos previstos na normativa aplicable ou cando teña unha incidencia negativa no funcionamento do sistema*”. Queda acreditado, pois, á vista da normativa aplicable en materia de autorizacións de novas instalacións, que non resulta de recibo a súa tramitación á marxe da acreditación da súa compatibilidade co medio ambiente.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu preámbulo que a avaliación ambiental resulta indispensable para a protección do medio ambiente. Facilita a incorporación dos criterios de sostibilidade na toma de decisións estratéxicas, a través da avaliación dos plans e programas. E a través da avaliación de proxectos, garántese unha adecuada prevención dos impactos ambientais concretos que poidan xerar, o tempo que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación.

Esta mesma norma de referencia, no seu artigo 6, sobre o “ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica”, contén a seguinte previsión normativa:

“1. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña exixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma, cando:

a) Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e se refiran á agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minería, industria,

transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo terrestre, utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural, ou do uso do solo (...)”.

Partindo da base das disposicións citadas, a falta de sometemento a unha avaliación ambiental estratéxica de todo o conxunto do desenvolvemento eólico galego (o recollido na Planificación Eólica de Galiza dependente da Administración Autonómica, e o que se desenvolve de modo independente a través da Administración Xeral do Estado), implica non só que non se cumpran os requisitos previstos na normativa interna aplicable, senón tamén os que se derivan das seguintes normas do dereito da Unión Europea:

- Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de decembro de 2011, relativa a avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. (DOUE L 26 /1 de 28.01.2012)

- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire a participación do público ó acceso a xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do Consello.

- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001 relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (DOCE nº L 197/30, 21-07-01)

Esta escandalosa falta de avaliación ambiental estratéxica da planificación eólica en Galiza, á súa vez, deriva “nunha incidencia negativa no funcionamento do sistema” e en “inseguridade xurídica”. A este respecto, o artigo 53.7 da Lei sector eléctrico, reza como segue: **“A) O sistema (referido a produción eólica planificada nun territorio) hai que entendelo coma un todo non fragmentado en partes sometidas a avaliacións ambientais independentes”.**

Fronte a este deber ser, os feitos son que, en definitiva, a actual expansión eólica, suma da parte que promove a Administración Xeral do Estado e a que desenvolve a Administración Autonómica, nin no seu conxunto, nin por separado, se ten sometido a dito proceso de avaliación coma Plan conxunto, conforme o disposto no artigo 6 da Lei 21/2013.

En fin, a falta de avaliación ambiental da planificación eólica en Galiza, alén diso e alén de equiparar a esta Comunidade Autónoma ao terceiro mundo en termos de sostibilidade e conservación da natureza, vai en contra da previsión de seguridade xurídica prevista na Lei 21/2013. Esa norma, no seu preámbulo, sinala que “asimesmo, esta lei incrementa a seguridade xurídica dos promotores. O establecemento duns principios aos que debe someterse a avaliación ambiental e o chamamento á cooperación no marco da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente determinará o desenvolvemento dunha lexislación homoxénea en todo o territorio nacional, que permitirá aos promotores coñecer de antemán cales serán as exixencias legais de carácter medioambiental requiridas para a tramitación dun plan, un programa o un proxecto, con independencia do lugar onde pretenda desenvolverse”.

Ademais, a protección ambiental da lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e o principio de non regresión en materia de protección ambiental prevalecen (art. 2).

3.- Ausencia do Informe de repercusións sobre a Rede Natura 2000. Afección moi severa e prexuízos irreparables para a Rede Natura 2000 e a súa coherencia. Falla de conectividade ecolóxica entre os ecosistemas.

O **parque eólico dos Cotos afecta á Rede Natura 2000** e a necesaria coherencia da mesma. Concretamente afecta á **Serra do Cando**. ZEPVN, o **Río Lárez**. ZEPVN e a **Enseada de San Simón** ZEC/ZEPVN e aos seus hábitas e especies que neles habitan

O **proxecto da Liña de alta tensión a 66 kV dende o parque eólico dos Cotos ata a subestación Pontesampaio (2021/0171 AIA simplificada) afecta á Rede Natura 2000** e a súa necesaria coherencia e concretamente a: ZEPVN **Enseada de San Simón** a 325 metros; ZEPVN **Serra do Cando**; ZEPVN **Río Lárez**; ZEPVA **España Mariño das Rías Baixas de Galicia**; ZEPVA – ZEPVN **Complexo Intermareal Umia –O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e lagoa Bodeira**; IBA **Entorno mariño das Rías Baixas**; IBA **Ría de Arousa – Corrubedo**.

Debéranse **avaliar por tanto os impactos acumulados e sinérxicos** do parque eólico e as súas infraestruturas asociadas de evacuación sobre a Rede Natura 2000, tendo en conta tamén o conxunto de parques eólicos e as súas respectivas infraestruturas existentes no mesmo ámbito xeográfico en relación aos espazos próximos da Rede Natura 2000. Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites xeográficos e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para o mantemento dos ecosistemas e da coherencia da propia Rede.

Infracción dos artigos 38 e 39 do decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

A SENTENCIA: 00311/2020, de 11 de decembro de 2020 do TSXG (PROCEDIMENTO ORDINARIO nº 0007342 / 2019) indica ao efecto: *“O impulso da enerxía eólica debe planificarse evitando toda posíbel interferencia para a ampliación da Rede Natura, salvando o impacto visual dos parques eólicos nas proximidades do Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), sen que poidan situarse os parques eólicos e logo pretender ampliar a Rede Natura cando as especies a protexer non entenden de planeamentos ou fronteiras, polo que as zonas ecoloxicamente relevantes deben obter unha protección íntegra, sen que poda haber espazos protexidos rodeados de muiños”.*

O proxecto da Liña de alta tensión a 66 kV dende o parque eólico dos Cotos ata a subestación Pontesampaio (2021/0171 AIA simplificada) afecta á Rede Natura 2000 e a súa necesaria coherencia:

O apartado de avaliación de repercusións do proxecto sobre a Rede Natura 2000 incluírá, de maneira diferenciada para cada unha das alternativas do proxecto consideradas, o seguinte:

a) Identificación dos espazos afectados, e para cada un identificación dos hábitats, especies e demais obxectivos de conservación afectados polo proxecto, xunto coa descrición dos seus requirimentos ecolóxicos máis probablemente afectados polo proxecto e a información dispoñible cuantitativa, cualitativa e cartográfica descritiva do seu estado de conservación a escala do conxunto espazo.

b) Identificación, caracterización e cuantificación dos impactos do proxecto sobre o estado de conservación dos hábitats e especies polos que se designou o lugar, sobre o resto dos obxectivos de conservación especificados no correspondente plan de xestión, e no seu caso sobre a conectividade con outros espazos e sobre os demais elementos que outorgan particular importancia ao espazo no contexto da Rede e contribúen á súa coherencia. A avaliación destes impactos apoiarase en información real e actual sobre os hábitats e especies obxecto de conservación no lugar.

c) Medidas preventivas e correctoras destinadas a mitigar os impactos, e medidas compensatorias destinadas a compensar o impacto residual, evitando con iso unha deterioración neta do conxunto de variables que definen o estado de conservación no conxunto do lugar dos hábitats ou as especies afectados polo proxecto.

4.- Afección á fauna, flora, ecosistemas e diversos hábitats prioritarios e de interés comunitario.

A liña de evacuación afecta principalmente a quirópteros e aves, existindo un elevado risco de electrocución de rapaces, córvidos e cegoñas e de colisión polas pombas, patos, etc.

Na área de afección da liña existen varias especies de aves e quirópteros (morcegos) en estado de perigo de extinción o vulnerables segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) e/ou o Catálogo Nacional de Especies Amenazadas (CNEA). Estas especies son: *Myotis myotis* (morcego ratonero grande) e *Miniopterus schreibersii* (morcego de cova), e a *Escribenta das Canaveiras*, non habendo suficiente información no estudo de impacto ambiental da liña, en cómo ésta afectará ao desenvolvemento e hábitats de estas especies vulnerables.

Tamén afecta a especies catalogadas como vulnerables como os anfibios *Rana iberica* e *Chioglossa lusitanica*, as aves *Circus pygargus* e *Circus cyaneus*, os mamíferos *Galemys pyrenaicus* e *Rhinolophus hipposideros*, o insecto *Cerambyx cerdo* e o peixe *Petromyzon marinus*. En canto á fauna avistada nos traballos de campo descritos no documento ambiental, detectase a presenza dos quirópteros *Rhinolophus ferrumequinum*, *Myotis myotis* e *Miniopterus schreibersii* polo que se produce unha **infracción da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia en relación ás especies catalogadas como vulnerables ou en perigo de extinción (art. 91 e 95). Toda a fauna silvestre ten unhas garantías de conservación é un réxime de protección xeral (artigo 88 e seguintes de dita Lei) aínda que non estean catalogadas.** Á hora de establecer un escenario razoable ou verosímil da situación que se debe analizar para avaliar a acumulación dos efectos, a lei non di que se deban estudar unicamente aqueles aeroxeradores xa autorizados, en funcionamento ou en obras, e excluír outros proxectos que estén en fase de tramitación administrativa. Todo o contrario, di que se estudarán tamén os proxectos existentes, aínda que non estean aprobados. **No caso do proxecto eólico dos Cotos non se tivo en conta a elevada saturación de aeroxeradores xa implantados e previstos para a mesma área xeográfica.**

En suma, cabe indicar a seguinte consideración, incluída no borrador da “Estrategia estatal de infraestrutura verde e de la conectividad y la restauración ecológicas” realizada polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico na que se sinala que débese perseguir a: *“Mitigación de las barreras producidas por la infraestructura de producción y distribución de energía, prioritariamente en aquellos parques eólicos y tramos de los tendidos eléctricos que atraviesen áreas relevantes para la diversidad de aves y murciélagos y/o concentren un elevado número de electrocuciones o colisiones.”*

O proxecto da Liña eléctrica de evacuación afecta ahábitats de interese comunitario: 4030 Uceiras secos europeos, 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii, 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* e 4090 Uceiras oromediterráneos endémicos con toxos, así como como os hábitats de interese prioritario 91E0 Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, 4020 Uceiras húmidos atlánticos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* e 3170 Estanques temporais mediterráneos.

Resulta acreditado no procedemento a presenza de **diversos cauces fluviais e húmidas** na área de execución do proxecto eólico e as súas infraestruturas asociadas, que tamén son comúns a outros parque eólicos con implantación prevista no mesmo ámbito xeográfico. A Directiva 2014/52/ue do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos: *“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en cuenta, en particular: a) o uso presente e aprobado da terra; b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade); c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes: i) húmidas, zonas ribeiras, desembocaduras de ríos, ii) zonas costeiras e medio mariño, iii) zonas de montaña e de bosque, iv) reservas naturais e parques, v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE, vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento, vii) áreas de gran densidade demográfica, viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.*

Considérase pois que un proxecto ten incidencia nunha zona ambientalmente sensible cando se dá algunha das seguintes condicións: Que poida afectar os espazos pertencentes á Rede Natura 2000, sen ter relación directa coa xestión ou conservación do lugar ou sen ser necesario para a mesma.

No presente caso **non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico** no que se prevé a execución do proxecto eólico nin se determina o grao de sensibilidade e de resiliencia do territorio para acoller o proxecto, tendo en conta a presenza xa doutros parques na contorna e a importancia dos recursos hídricos e húmidos afectados. Existe unha afección severa ao conxunto de cauces da área e afección do proxecto con impactos sobre brañas, húmidos, fontes e nascentes de cauces. Existe unha importante rede fluvial afectada polo proxecto eólico e parte da súa infraestrutura de evacuación, afección severa e irreversible obviada tanto no EIA como agora na DIA.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes das especies” (Lei 42/2007. Art. 3). A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

5.- Importante afección paisaxística dos parques eólicos e as liñas de evacuación tramitados pola Xunta de Galicia segundo o Informe elaborado polo Consello da Cultura Galega (máximo órgano consultivo da Xunta de Galicia en materia de cultura). Afección significativa, severa e prexuízos irreparables para a Paisaxe e a biodiversidade. Incremento do Feísmo Paisaxístico.

Os intereses do conxunto da poboación local afectada deberían ser tidos en conta á hora de afectar á dimensión paisaxística do seu territorio, tendo en conta o establecido no Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008). **A liña de evacuación discorre maiormente por tramos aéreos e estará a uns 300 m respecto aos núcleos de poboación de A Aluncía (Xustáns) ou Baltar, sen que se contemple no proxecto o soterramento nestas zonas para reducir o impacto visual e as molestias a ditas poboacións, nas que residen máis de 550 habitantes.** Se ben hai tramos da liña eléctrica soterrados para diminuír o impacto visual nalgúns zonas, isto produce outros impactos sobre o solo coma a erosión dos terreos, a alteración do sistema edafico, a perda de materia orgánica e da produtividade dos terreos.

O estudo non contempla que outra liña de evacuación, procedente do PE Cotos II e Chans dos Meniños, cuio promotor é Tiraventos SL, transcorre paralela e a veces crúzase no trazado da liña de evacuación. Tampouco se recolle que as dúas liñas de evacuación, están trazadas atravesando a poligonal do P.E. Serra da Fracha, polo que o impacto sobre a paisaxe é moi evidente.

O proxecto do parque eólico dos Cotos e as infraestruturas da súa liña de evacuación proxectada entre os núcleos de **Mirón, Contixe, Vilarchán, A Reigosa, Buchabade, Aluncía, Baltar e Sobreiro** fragmentan os hábitats, os ecosistemas e implican directamente a perda de biodiversidade da zona, transformando a paisaxe rural e forestal nunha de carácter industrial inzada de liñas de alta tensión **reincidindo sobre lugares coma Baltar, que xa conta con varias torres de alta tensión polos seus montes e terreos.**

Isto, xunto con outros parques eólicos proxectados sobre a zona de Ponte Caldelas e arredores devalúan por completo a súa paisaxe emblemática e tradicionalmente verde e rural, acrecentando progresivamente o feísmo paisaxístico, cos seus puntos de apoio e os accesos aos mesmos que a promotora obvia mencionar á hora de avaliar os impactos sinérxicos e acumulados, producíndose un impacto visual severo.

En Ponte Caldelas, coa liña de evacuación vense afectados tamén varios **lugares emblemáticos como o Bosque de Secoias de Buchabade, Carballeira de Mirón, Carballeira de Vilarchán, miradoiros e roteiros que perderán o seu atractivo turístico e paisaxístico, coma o Monte Castelo, a capela e cruceiro no alto de Cristo Rei en Xustáns e o Roteiro das Almiñas e do Foxo do Lobo e o Camiño Real ou Ruta dos Arrieiros e as recentemente descubertas Covas do Pé da Múa.**

O Anexo I do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia, establece os Obxectivos de calidade paisaxística para cada unidade de paisaxe no referente a parques eólicos indicando o seguinte “Unhas instalacións de enerxía eólica deseñadas de xeito que respecten o carácter propio da paisaxe existente, implantados segundo a xeomorfoloxía da localización e minimizando o seu impacto no contorno natural e a paisaxe, así como a visibilidade desde as vías de circulación e os núcleos de poboación. – Uns parques eólicos compatibles con outros usos produtivos potenciadores da sustentabilidade natural, económica e social da contorna en que se insiren”.

6.- Impacto económico sobre Ponte Caldelas e despoboamento do rural. Afección sobre as explotacións agro-gandeiras, industrias e empresas sitas na área da afección da liña de evacuación.

O impacto económico que o paso da liña de evacuación ocasiona sobre Ponte Caldelas é **negativo pois implicaría o rexeitamento de posible novos compradores dos terreos ou vivendas para residir en zonas próximas a ditas infraestruturas que impactan negativamente contra a paisaxe rural e tradicional da contorna,** provocando a desvalorización da propiedade en ditas zonas. Actualmente hai varios núcleos rurais deste Concello afectados directamente pola liña de evacuación que están experimentando un gran crecemento tanto na construción de novas

vivendas como na rehabilitación das existentes, axudando a fixar poboación en zonas despoboadas. Así mesmo terán un gran impacto no chan rústico no que se están desenvolvendo varios proxectos tanto públicos como privados destinados á súa conservación como potenciación no ámbito do turismo rural, turismo de aventura, hípica, sendeirismo, forestal... Todo este impacto das infraestruturas eólicas pode provocar un **éxodo de poboación** nas nosas aldeas o que chocha directamente coa loita contra a España baleirada.

A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións agro –gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos.

Non hai que esquecer que Ponte Caldelas conta cunha zona empresarial, o Parque Empresarial de A Reigosa, que xa foi obxecto de ampliación e que está na fase de modificación da súa normativa urbanística coa finalidade de acoller o elevado número de empresas que se queren instalar no mesmo e a instalación da liña de evacuación pode afectar a ese crecemento empresarial tan importante para o sustento económico do municipio.

O parque de os Cotos e a súa liña non xera emprego algún nin repercute en modo algún de forma positiva na economía de Ponte Caldelas, senón todo o contrario.

Existe unha perda de solo de especial aptitude agrícola e forestal, xa que logo o proxecto implica unha transformación urbanística dos chans, a fragmentación do territorio e a conseguinte perda de biodiversidade.

A superficie afectada pola instalación da liña é dunhas 20 ha e polo tanto, existe unha merma na produción primaria (forestal e agraria). Considérase que o proxecto non presenta un impacto económico positivo que beneficie ao sector primario local. O mesmo que acontede co sector secundario, pois non beneficiaría a ningunha das empresas locais.

7.- Riscos para a saúde humana: contaminación electromagnética e acústica.

Existe unha afección severa pola Liña eléctrica de evacuación do proxecto eólico dos Cotos para as familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos das parroquias de Tourón e Xustáns en Ponte Caldelas.

Non se avalían os riscos para a saúde humana como a contaminación electromagnética derivada da acumulación de parques eólicos e as súas infraestruturas asociadas na mesma área xeográfica. Os campos eléctricos e magnéticos poderían producir efectos prexudiciais para a saúde humana. O campo magnético da LAT afectaría ás familias. Ademais hai que ter en conta a presenza doutras liñas de alta tensión no territorio e a acumulación de parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación. Alomenos 14 parques eólicos e as LATs mencionadas anteriormente poden producir efectos graves non só na saúde senón tamén no benestar das familias afectadas. Non existe un estudo nin unha avaliación global do conxunto das infraestruturas nin un estudo dos efectos non só nas familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos rurais afectados senón tamén para a fauna, tendo en conta que a proximidade da REDE NATURA 2000 e a necesaria conectividade ecolóxica e a coherencia desta.

Por outra banda están as **emisións acústicas** producidas polo efecto corona, ás que hai que engadir o impacto acústico producido alomenos polos 133 aeroxeradores previstos para a mesma área xeográfica.

8.- Afección severa ao patrimonio cultural e arqueolóxico e a súa descontextualización:

A liña de evacuación do P.E os Cotos afecta ao entorno de varios petroglifos e mámoas das zonas de A Reigosa, Vilarchán, Baltar e O Sobreiro poñendo en risco parte do patrimonio cultural e arqueolóxico de Ponte Caldelas.

A Reigosa, Vilarchán:

GA36043002 **Mámoa do Monte Val das Tablas 1 Tourón (Santa María) - Vilarchán** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-24

GA36043003 **Mámoa da Fontaiña 1 Tourón (Santa María) - Vilarchán** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-34

GA36043004 **Mámoa do Chan da Raña Tourón (Santa María) - A Reigosa** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-34

GA36043016 **Mámoa do Monte Val das Tablas 2 Tourón (Santa María) - Vilarchán** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-24

GA36043017 **Mámoa da Fontaiña 2 Tourón (Santa María) - Vilarchán** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-34

GA36043020 **Mámoa da Fontaiña 3 Tourón (Santa María) - Vilarchán** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-34

GA36043055 **Petróglifo da Raña Tourón (Santa María) - A Reigosa** Arte Rupestre Petróglifo/Inscultura 185-34

GA36043059 **Mámoa do Monte da Reigosa 1 Tourón (Santa María) - A Reigosa** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-34

GA36043060 **Mámoa do Monte da Reigosa 2 Tourón (Santa María) - A Reigosa** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-34

GA36043061 **Mámoa do Monte da Reigosa 3 Tourón (Santa María) - A Reigosa** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-34

GA36043062 **Mámoa do Monte da Reigosa 4 Tourón (Santa María) - A Reigosa** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-34

Parroquia de Xustáns: Baltar e O Sobreiro:

GA36043006 **Petróglifo da Laxe dos Couselos Xustáns (San Martiño) - Baltar** Arte Rupestre Petróglifo/Inscultura 185-34

GA36043007 **Petróglifo do Outeiro Redondo Xustáns (San Martiño) - O Sobreiro** Arte Rupestre Petróglifo/Inscultura 185-34

GA36043008 **Mámoa da Ermida de Cristo Rei 1 Xustáns (San Martiño) - O Sobreiro** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-34

GA36043018 **Mámoa da Ermida de Cristo Rei 2 Xustáns (San Martiño) - O Sobreiro** Megalitismo Túmulo/Mámoa 185-34

GA36043034 **Petróglifo da Bouza Xustáns (San Martiño) - O Sobreiro** Arte Rupestre Petróglifo/ Inscultura 185-34

Área arqueolóxica de Tourón, un recinto de máis de 150.000 metros cadrados que nos permite visitar cinco estacións con gravados nunha ruta de grande beleza paisaxística. A área Arqueolóxica do monte de Tourón é unha boa antesala para coñecer máis a fondo o sentido dos petroglifos que se despregan por toda a zona. Estes gravados rupestres representan unha gran variedade de motivos que van desde as combinacións xeométricas ata as habituais escenas de caza. Desde o punto de vista compositivo podemos diferenciar a existencia de petroglifos sinxelos, como os círculos de Outeiro dá Forcadela, e outros extraordinariamente complexos, como o gran panel de Laxe das Cruces, que contén un numeroso e heteroxéneo conxunto de motivos xeométricos e naturalistas, ou a gran escena de caza gravada en Naval de Martiño.

Tamén afectará ao **patrimonio arquitectónico de Ponte Caldelas** como a **Ermida de San Miguel de Vilarchán, Peto de Ánimas de San Antonio Abad de Mirón, Capela de Santa Ana, Capela e Cruceiro de Cristo Rei de Baltar e Igrexa de San Martiño de Xustáns e as recentemente descubertas Covas do Pé da Múa.**

O **estudo patrimonial da promotora é moi deficiente**. Contrariamente ao que se indica no estudo existen indicios máis que evidentes e razoables da existencia de máis patrimonio arqueolóxico. bA promotora obvia o impacto acumulado e sinérxico sobre o patrimonio da totalidade dos parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación existentes no ámbito xeográfico de desenvolvemento e implantación do proxecto industrial eólico, incluída a súa infraestructura asociada de evacuación.

Os **Poderes Públicos están obrigados pola lei e as diferentes recomendacións e tratados internacionais ratificados polo Reino de España a unha actuación positiva, ampla e decidida na conservación, defensa e posta en valor dos Bens Culturais, Patrimoniais e Arqueolóxicos** dado o seu carácter de bens inalienables de dominio público derivado da súa utilidade pública de máxima prevalencia fronte a calquera outra (Velasco, 2002). Pero a súa vez, é deber inalienable por parte dos Poderes Públicos de protexer o contorno, ámbito, contexto, escenario ou ambiente dos bens culturais e arqueolóxicos evitando a súa descontextualización é un imperativo central repetido pola lexislación e os diferentes tratados e recomendacións internacionais sobre o patrimonio (Pose & Abuín, 2020). Nese sentido referenciamos a abordaxe desta cuestión que fai entre outras a Carta de Atenas de 1931, a Carta de Venecia de 1964, a Comisión Francischini de 1967, a Carta de Quito de 1967, a Convención da Unesco sobre Patrimonio Mundial de 1972, a Carta Europea do Patrimonio Arquitectónico de 1975 do Consello de Europa, a Recomendación de Nairobi de 1976, o Terceiro Simposio Europeo de Múnic de 1978, a Convención de Granada de 1985, a Carta de Cracovia de 2000, o Convenio de Florencia ou a Declaración de Xi'an de 2005. **Non cabe pois descontextualizar o patrimonio cultural nin desvencello da paisaxe como se fai no estudo de impacto ambiental**. Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAI EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4437>

9.- Patrimonio cultural inmaterial: sen avaliar.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

A nulidade do estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e a declaración de utilidade pública das instalacións da LAT 66 kV PE Dos Cotos – SE Pontesampaio, emprazada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas e Pontevedra da provincia de Pontevedra (IN408A 2020/122) por todo o exposto nos motivos anteriores.

En Ponte Caldelas a ____ de _____ de 2023.

Asdo.- _____